

**ACTA Nº 2018/8**  
**SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- SALON DE PLENOS, venres 10 de agosto de 2018 -**

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SECUNDINO GARCIA CASAL

**ASISTEN:**

BNG

AMPARO CALVO GONZALEZ

MANUEL VARELA MECIAS

SABELA IÑIGUEZ CINZA

MANUEL BECEIRO COUCE

XESUS MANUEL SOTO VIVERO

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

**AUSENCIAS:**

ANA BELÉN BREIXO GUNDÍN (BNG)

CRISTINA CALVO TUIMIL (PP)

**SECRETARIA:**

IRIA LUISA DÍAZ GAVELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión, explicando que se procede a tratar os asuntos incluídos na solicitude de pleno extraordinario presentada por rexistro o 26 de xullo, asinada polo concelleiro e concelleiras do Partido Popular e do Partido Socialista, Manuel Romero Castrillón, María Belén Trigo Meizoso, Cristina Calvo Tuimil e Yolanda Vázquez Pazos co seguinte **ORDE DO DÍA:**

**1.- EXPLICACIÓN E ACLARACIÓN CON DETALLE DOS MOTIVOS POLOS CALES O XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº1 DE FERROL DITOU SENTENZA CONTRA O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO.**

O alcalde cédelle a palabra á portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, que procede a realizar un resumo do asunto desde a sinatura do convenio ata a actualidade explicando o que se reproduce deseguido:

O 3 de decembro do 2007 subscríbese un convenio entre o concello de San Sadurniño e a Cooperativa de Explotación en Común de San Sadurniño, convenio que chama a atención porque non está asinado polo secretario, poñendo que está asistido polo secretario da corporación. E está asinado por un representante da cooperativa e polo alcalde.

O 15 de decembro dese mesmo ano, do 2007, o PSOE vota a favor dese convenio no pleno ao considerar que o centro de día é beneficioso para os veciños e bo para o concello, porque hai moita xente maior e

realmente fai falta.

Pasados 5 anos, porque o convenio recollía a cesión dunha finca denominada Cortiña a cambio de recualificar outras no PXOM. Pasados eses cinco anos non estaba finalizado o PXOM e non puido cumprirse o convenio.

O outro día no pleno preguntei se vós tiñades algo por escrito conforme queriades negociar. Segundo a información que se me facilitou, a primeira en dar o paso foi a cooperativa, que o día 14 de xaneiro dirixe un escrito do que descoñezo o contido, porque non o teño, ao que vostedes lle contestan o día 30 de xaneiro explicando que non era só competencia municipal, senón tamén autonómica e estabades condicionados por iso e pediades unha prórroga de dous anos. Iso si, estabades dispostos a negociar.

A ese escrito contéstavos os liquidadores o 15 de maio de 2013 e desestiman a prórroga e reclaman a indemnización estipulada por incumprimento do referido convenio urbanístico.

Por parte do PSOE en distintos plenos, tanto cando estaba Fernando como Eduardo, sempre se recordou en distintos plenos que non se cumprira o convenio e como tiñades pensado facer co tema da cooperativa. O 5 de agosto do 2015 nun pleno acórdase o inicio de expediente de revisión de oficio do convenio urbanístico e Eduardo nese momento di que se trata dun asunto pendente de resolución xudicial, non se pronuncia e abstense nese tema. Despois anulades o convenio e a anulación baseádela en que non cumpriu a normativa vixente, que non foi exposto ao público nin ao período de alegacións e por iso se anula. Por outra parte, nese pleno tamén queriades restituír in natura as partes da finca denominada Cortiña postas a disposición da entidade local e non utilizada pola mesma. Pola nosa parte non entendemos que queredes devolver, porque nunha parte houbo unha inversión con subvencións, onde se fixo a plantación, e noutra está ubicado o centro de día. Por outro lado, a indemnización que lle queriades paga á Cooperativa, conforme ao informe da arquitecta municipal, é de 80.459,18€. Nese pleno Eduardo intervén para dicir que pensa que non se fixeron todos os esforzos para resolver o asunto mediante un acordo, sendo unha cuestión pendente de resolución xudicial e abstense na votación.

O 29 de xullo de 2016 admiten a trámite a demanda e agora no 2018, sobre xullo, houbo unha sentenza na que din que o concello ten que indemnizar á cooperativa con 504.402,10 mais os intereses legais do diñeiro desde o 15 de decembro de 2007.

A continuación, formula as preguntas que quere que se lle respondan por parte do goberno municipal:

- Que parte da finca queredes devolver?

O alcalde sinala que na exposición da portavoz do PSOE se dixeron cousas que non se corresponden con como foi o relato dos feitos. Unha: o convenio foi asinado cumprindo todo o procedemento, se estivera aprobado o PXOM nos cinco anos, non existindo a problemática que sigue habendo, non se estaría nun pleito, tendo validez; polo que non foi ilegal. Non ten que asinar o secretario un acordo do pleno, e a parte resolutiva do convenio consta mesmo na acta do pleno do 2007, polo que se fora ilegal tería que existir unha advertencia de ilegalidade.

Intervén a concelleira do PSOE e puntualiza que o convenio foi anulado porque segundo o goberno era non se cumpría a normativa vixente.

O alcalde continúa coa súa exposición explicando que o convenio anulouse mediante unha resolución

administrativa porque hai un ditame do Consello Consultivo, e en base ás súas conclusións adóptase o acto administrativo correspondente para dar unha resolución administrativa a un tema administrativo.

Sinala tamén que a respecto da afirmación de que o goberno municipal non quixo negociar, pode comprobarse no escrito que ten a portavoz do PSOE que sí houbo intención, xa que nese escrito pon que houbo unha reunión de tres persoas goberno local cos tres liquidadores da cooperativa, que esquece mencionar porque foi anterior a todo iso; onde o goberno municipal fai unha proposta que os liquidadores piden que se lles traslade por escrito, que foi o que se fixo. Esa proposta foi rexeitada polos liquidadores, dentro da lexitimidade que teñen a facelo.

Explica que o convenio non falaba de recualificar, senón de darlle un tratamento determinado para compensar o valor desa finca nun futuro plan xeral que se enviou previamente para informe á Xunta cumprindo escrupulosamente todo o que dicía o convenio, e que a Xunta nese informe fai unha serie de correccións ao documento entregado que se trasladan ao mesmo e sométese así a aprobación inicial polo pleno, que recolle parte do contido dese convenio.

Á pregunta que realizou a portavoz do PSOE responde que todos os integrantes da corporación, non só o goberno, se deben ao interese xeral e a súa obriga legal e moral é defender os intereses do concello. O concello para construír un centro de día tivo que asinar un convenio que se considerou bo para as dúas partes e séguese considerando así. Di que o goberno municipal entende que a súa obriga principal é defender os intereses xerais e o que o goberno municipal entende que hai posibilidade de restituír *in natura* a parte que pon na resolución da alcaldía na que se anula o convenio na que non hai árbores plantadas nin nada, sendo posible en consecuencia a restitución *in natura*, aínda que a xuíza non o considerou. Se considera que é posible a restitución *in natura* entendede que cambia substancialmente a valoración.

En calquera caso, afirma que desde o goberno non se amosan contrarios a ningún entendemento como se demostrou desde o inicio e considérase que o espírito do convenio é o máis válido e o que parece é que hai persoas que con isto pretenden agochar outro tipo de debates, como na campaña das anteriores municipais que a propia portavoz do PSOE e un dos liquidadores utilizaron este tema para a campaña política, mirando por intereses políticos en lugar de polos intereses lexítimos dos socios da cooperativa. O que se propón devolver é a parte urbana non ocupada que é o 60 % da parte urbana da parcela e outras das cousas que se recurreu tamén é a valoración.

A continuación o alcalde cédelle a palabra á concelleira do PP, Belén Trigo, que manifesta que non vai repetir o resumo porque xa o fixo a portavoz do PSOE. Realiza a seguinte intervención:

O mencionado convenio do 3 de decembro carece, que é un erro grande por parte do equipo de goberno, de informes técnicos e xurídicos e de exposición pública que lle son propios e que recoñecen vostedes mesmos anos despois e que foi o motivo principal de que fora anulado. Tampouco hai un informe da tesourería, que ao mellor non é necesario, porque podería afectar positiva ou negativamente ás arcas deste concello. Tampouco hai informe técnico da arquitecta municipal. E non hai exposición pública, que é o máis grave neste momento, privando ás veciñas e veciños a exercer o dereito lexítimo de alegar algo a ese convenio porque non estaba a exposición pública.

A concelleira do PP traslada a seguinte pregunta:

como alcalde á fronte do Concello de San Sadurniño tiña coñecemento de que os informes e a exposición pública eran necesarios?

O alcalde manifesta que dado que se está nun pleno extraordinario debatendo un punto, non nun punto de rogos e preguntas, debe rematar primeiro a intervención e despois el expoñerá o que considere.

A concelleira Trigo Meizoso continúa expoñendo que o Partido Popular no 2013, cando estaba Plácido, solicitou un informe de secretaría no que pon que non existe ningún tipo de informe técnico para a aprobación deste convenio. No pleno do 15 de decembro, no que se aproba o convenio, o Partido Popular informou de que non está de acordo co que se está a levar a cabo, levantouse e saiu da sala. Aquí é cando ve por primeira vez a sinatura do Secretario, na acta dese pleno, onde se fai referencia ao convenio. Na sinatura do convenio previo está claro que non existe sinatura do secretario. Que non é necesaria? Non, non é necesaria porque despois lévase ao pleno e despois alí asina. Niso está de acordo. Por qué non asina? Pois non o ten claro, porque unha vez que dá fe tamén podería asinar. No momento de sinatura do convenio a cooperativa estaba en liquidación.

A concelleira do PP expón a seguinte pregunta:

- Podería explicar o alcalde se no momento de sinatura do convenio coa cooperativa tiña coñecemento de qué tipo de liquidación se estaba a levar a cabo? Recorda que hai varios tipos: desde unha decisión dunha asemblea de socios ata un concurso de acredores. E é importante saber que tipo é para asinar un convenio.

A continuación prosegue coa seguinte intervención explicando que o convenio non se cumpre, pasan os cinco anos e non se cumpre, que xa levamos once e segue sen cumprirse e que hai cousas curiosas como que o equipo de goberno durante este período leva a cabo actuacións como movementos de terras, plantacións de árbores autóctonas, eventos fluviais... algunhas delas con cargo ao plan FEDER, investindo diñeiro público. E despois de levar a cabo este tipo de obras intentan devolver o terreo que non necesitaban *in natura* e piden a nulidade. Imposible, di a xuíza. O curioso deste plan FEDER; que subvencionou un total de 140.763,10 euros para a restauración e posta en valor da ribeira do río Xubia no ano 2009, que había un cartel grandísimo; é que a concesión desta subvención produciuse no momento en que estaba de vicepresidente da Deputación D. Pablo Villamar, do grupo político BNG.

O alcalde interrompe para pedirlle á concelleira que se centre no asunto que ocupa o pleno extraordinario.

A concelleira do PP prosegue afirmando que é o asunto, porque é diñeiro que se investiu neses terreos. E máis curioso aínda é a concesión da obra desa subvención, que se adxudicou a M<sup>a</sup> del Carmen Alonso Díaz, que curiosamente é a muller de Pablo Villamar. Tamén se supón que se presentan tres empresas e dúas delas son empresas eléctricas, que tamén é curioso.

O convenio asínase coa condición de que co PXOM unha parte eses terreos sexan urbanizables ou que se lles dé outro tipo de valor. O 30 de novembro de 2015 sae publicado no DOG un anuncio no que se establece a exposición pública do PXOM para alegacións nos dous meses seguintes polos afectados ou interesados. Nesta exposición pública non aparece nin figura en ningún momento o convenio suscrito, estando no período de alegacións. E aí refírome a que hai un artigo no LOUGA que obriga.



O alcalde maniféstalle que coñecen o contido do artigo, que non fai falta que o lea, e que o contido do convenio claro que está na aprobación inicial do PXOM, que o problema é que non saben mirar. Está ese contido e máis o que tiña o Concello co Obispado. Manifesta tamén que no pleno anterior a concelleira Trigo Meizoso dixo que non cobraba por vir aos plenos.

A concelleira puntualiza que cobra, pero que doa o que cobra e ademais ten que declaralo.

O alcalde manifesta que como todo o mundo e insta á concelleira a continuar.

A concelleira Trigo Meizoso prosegue expoñendo que o 12 de decembro de 2015 o pleno municipal de San Sadurniño anula o convenio subscrito na cooperativa, facendo alarde da súa maioría absoluta, anulación na que a xuíza lles dá a razón no xuízo, claro, con esa chapuza de convenio. Establecen un prezo pola parte ocupada e acordan devolver in natura o resto ao antigos propietarios xustificando a nulidade polos informes pertinentes. Este acordo de nulidade non se publicou tampouco, salvo no que a acta do pleno se refire. Na acta do pleno si. Non se pode alegar, o mesmo que cando se asinou o convenio, cando sae a exposición pública do PXOM,... Explica que o señor alcalde opta por subscribir o convenio, non publicalo, non cumprilo, pedir prórroga de tempo á cooperativa para estudalo, anulalo, valorar a finca ocupada e tomar posesión do resto da finca denominada Cortiña; sen ter en conta que está poñendo en perigo a todos os veciños e veciñas do Concello e as arcas municipais.

Outro punto de desacordo coa sentenza é que a valoración dos terreos non é a correcta, algo que lle fai graza.

A concelleira do Partido Popular pregunta:

- Por que non se presentou un informe técnico en tempo oportuno se non era correcta?
- Por que a xuíza tivo que ditar sentenza sen que o Concello lle aportase un informe pericial de valoración dos terreos?

Trigo Meizoso continúa expoñendo que é curiosa a contestación da arquitecta municipal cando di que deu o valor aos terreos segundo falaba a xente de San Sadurniño, segundo lle contaban. Explica que o Concello paga un asesoramento legal externo, o señor Pérez Lema, que no último informe que se lles entregou cobrou 56.265 euros nos últimos cinco anos, e recorda que hai asesoramento gratis da Deputación, e que o señor Pérez Lema non foi capaz de asesorar ao Concello ao 100%.

Outra cousa que lle chama a atención é que se lle cede un terreo a AGFMA do Eume por trinta anos sen ter a propiedade efectiva dos terreos e que lle parece curioso porque onde escriben esa cesión consideran que o terreo é unha parcela única, que nunca o consideraron así, ao poñer que a finca que se cede limita por un lado coa estrada que une Ferrol- Viveiro e por outro lado co Río grande de Xubia. Polo tanto, que falan dun terreo único que queren segregalo, falan de cachos; pero ao final o terreo é único segundo o que escribe o equipo de goberno.

Continúa explicando que a consecuencia desta chapuza é unha sentenza condenatoria, a pagar polo Concello de San Sadurniño, por todos os veciños e veciñas que os levamos enriba. Son 500.000 euros máis xuros, que agora rectificou o goberno e que no último escrito do Concello xa constan os xuros a sumar.

A continuación realiza a seguinte pregunta: A estas alturas está orgulloso como alcalde de implicar, como



representante, aos seus veciños e veciñas en semellante despropósito e débeda? E acompaña da seguinte consideración: Non sei se é consciente de que no tempo que levamos pasado con alcaldes de San Sadurniño é vostede o que bate o récord de endebedamento do Concello. Eu creo que ningún alcalde ten ningunha referencia de ter 500 e pico mil euros máis intereses por fallar un convenio. O máximo que chegou, que foi criticado tamén foi o do PP que pediu 300.000 euros por un crédito, que aínda non saben o que implicou. E vostede xa vai en 500.000 euros máis intereses dun solo e despois: SOGAMA máis intereses, electricidade máis intereses,... Como alcalde está orgulloso de todo isto? E neste caso a culpa non é de Feijoo, nin do PP... os despropósitos son seus.

O alcalde pídelle á concelleira que centre a súa exposición no tema que ocupa este pleno.

A concelleira di que o PP no su momento díxolle que ao mellor saía máis barato comprar a finca noutro sitio e facer o centro de día. E a día de hoxe eu creo que saía máis barato.


O alcalde resposta que non había máis opcións, nin tempo nin fincas, e que o BNG e o PSOE naquel momento consideraron que era o mellor e os propietarios consideraron o mesmo.

Antes de darlle a palabra ao portavoz do BNG o alcalde anuncia que quere matizar algunhas cuestións, para o que realiza a seguinte intervención:

Sentímonos orgullosos de que en San Sadurniño haxa un centro de día e do traballo que se fixo e que se está facendo, cos erros que toda actividade humana poida ter e o que non imos é entrar nas descualificacións e na simpleza do debate que pretendiche meter aquí. O Concello de San Sadurniño ten cero euros de débeda. En San Sadurniño fíxose un centro de día e a única opción que había era asinar ese convenio por un tema de prazos, xa que remataba o prazo a finais do ano 2007 para a financiación por parte da Xunta de Galicia que foi quen o construíu, para o que había que ter entregado o solar a finais de ano.

A parcela, de facto, está segregada porque tamén se lle entregou á Xunta de Galicia para facer unha escola infantil. Esa parcela que ía ocupar a escola infantil devolvéronlla ao Concello. Senón toda a parcela urbana estaría en mans da Xunta. Desde o Concello o que imos facer é defender os intereses xerais do Concello e non imos entrar en que os propietarios ou os liquidadores da cooperativa, pleiteen ou lexitimamente defendan o que consideren que é xusto e necesario. Pero o goberno municipal e toda a corporación ten o deber de defender os intereses do concello. Cando se asinou o convenio fíxose co convencemento de que era o mellor para San Sadurniño, pero tiñámolo nós e máis todos; incluso a cooperativa cando se anulou o convenio denunciou a súa anulación. Se non fora bo o convenio, non denunciarían a anulación; polo que se a denuncian é porque o consideran bo. A anulación é por cuestións puramente administrativas. Como expliquei antes, houbo unha reclamación patrimonial e cando hai unha reclamación patrimonial é preceptivo o ditame do Consello Consultivo que é o que establece que nun convenio non podes establecer unha posible indemnización polo seu incumprimento. E nesta cuestión coinciden os tres informes xurídicos que hai no expediente de anulación: o do Consello Consultivo, o da Deputación e o de Xoán Antón Pérez Lema.

O concello non se negou nunca nin se negará a indemnizar a cooperativa no xusto prezo da finca, e nós consideramos que a finca non vale millón e medio e o que se fixo foi dar os pasos administrativos necesarios para defender os intereses xerais. Non incumprimos absolutamente nada, fixemos o que



había que facer.

O alcalde cédelle a palabra ao portavoz municipal do BNG, Xesús Soto, que expón que xa dicía un veciño á entrada deste pleno que a película de vaqueiros empezaba agora e, desgraciadamente, tiña razón; porque está vendo como os grupos da oposición están falando absolutamente de todo excepto do punto concreto do que solicitaron que se falase neste pleno. Di que despois falará tamén da solicitude, porque despois moléstanse porque apareza en publicacións o PPSOE, cando estamos vendo todos o que hai. O punto di *"explicación e aclaración con detalle dos motivos polos cales o xulgado contencioso administrativo nº1 de Ferrol ditou sentenza contra o concello de San Sadurniño"*. Di que el, nin ningún membro do goberno, pódelle explicar as razón polas que un xulgado determina unha sentenza. Pregunta que cómo se pode preguntar iso e traer este punto á orde do día? porque había que poñer algo e falar de todo; porque o que se quere é montar un circo sobre este tema do que xa se ten falado moitas veces en rogos e preguntas noutros plenos e non se aporta nada novo. Explica que se convoca un pleno extraordinario porque obriga a oposición sen que haxa nada novo, que non hai ningún cambio desde a última sentenza do contencioso. Di que sí hai un único cambio: que o Concello presenta un recurso de apelación contra esa sentenza; que o resto é todo igual: estamos dando as explicacións que xa demos de tres anos para aquí e vós vides aquí a falar e retrotraervos ao ano 2007, a falar de todas as actuacións que se fixeron na finca – que vos quero recordar que é unha finca que forma parte do inventario municipal e o concello dentro das súas propiedades pode facer o que estime oportuno- que foron totalmente legais e sen ningún tipo de informe contrario a ningún tipo deses investimentos.

Explica que escoitando as súas intervencións, que falan dos informes da arquitecta, do secretario... e non sei se voluntaria, involuntaria, consciente ou inconscientemente están metendo nun compromiso a funcionarios públicos e poñendo en dúbida o seu traballo. Di que xa son concelleiras hai unha tempada e non vale descoñecer para que estamos, que cando un goberno leva unha proposta a un órgano para a súa aprobación, se non é legal, o secretario-interventor ten a obriga de facer un informe de reparo contra esa proposta. Pregunta se viron nalgún momento algún informe desfavorable ou de reparo con respecto a algún dos trámites que se levaron a cabo? Que o alcalde non ten que pedirlle a un secretario-interventor que informe cada un dos asuntos dos puntos da orde do día e que si alguén viu un informe do secretario-interventor contrario a calquera dos acordos que se tomaron en toda a tramitación de todos os acordos que se tomaron a respecto deste tema? Reflexiona que entón non sabe por que están aquí flaxelándonos con que todo foi unha chafallada e insinuando supostas ilegalidades, cando a persoa que ten a obriga de cumprir co asesoramento legal nunca informou en contrario. Pregunta que en que se basean para insinuar todo iso e que se alguén viu algún informe contrario ás obras ou aos investimentos? Nese sentido, entende que se cumpre a expectativa que desde o grupo de goberno tiñan con este pleno, que está claro que este pleno foi única e exclusivamente convocado para intentar causar desgaste político ao grupo de goberno. Que é lexítimo, que para iso están os grupos da oposición: para facer fiscalización política ao goberno e tamén para tentar desgastar ao goberno municipal na medida das súas atribucións, pero tamén hai que facelo con certa ética. E ética é dicir a verdade de todo, cando se fai un resumo non obviar o que non interesa e dicir só o que interesa... Di que este pleno convocouse única e exclusivamente para desgastar o máximo que poidan ao grupo de goberno, pero iso hai que facelo con certa ética.

É que isto mesmo vámolos ver tamén no punto seguinte se non se equivoca.

A concelleira do PP, Belén Trigo Meizoso, solicita intervir antes de pasar ao seguinte punto para contestarlle ao portavoz do grupo de goberno. Explica que está ben botar balóns fóra, está ben dicir o que o secretario fai ou deixa de facer; pero pregúntase: o convenio asinado contaba cos informes técnicos pertinentes? Iso é o que a min me interesa. Sí ou non?

O portavoz do grupo de goberno contesta que desde o seu punto de vista si, porque o seu asesoramento legal no momento en que aprobamos o convenio dicíanos que se aprobaba daquela maneira.

A concelleira Trigo Meizoso pregunta se había informe técnico. Ao que o concelleiro Soto Vivero contesta que non faga preguntas das que xa sabe a resposta, e que xa sabe que non. Pregunta a concelleira se houbo exposición pública. Ao que lle contesta o portavoz do goberno que houbo exposición pública do acordo plenario. Pregunta a concelleira Trigo Meizoso se houbo exposición pública do convenio asinado. O alcalde toma a palabra para aclarar que o convenio é un instrumento de ordenación e que se expuxo no momento de exposición pública da aprobación inicial do PXOM.

A concelleira insiste en que no momento da sinatura non houbo exposición.

E o alcalde manifesta que a inmensa maioría das veciñas e veciños apoian a sinatura do convenio e o obxectivo do mesmo que é que exista un centro de día en San Sadurniño, "salvo a concelleira do PP e tres ou catro máis".

A concelleira aclara que ela está a favor do centro de día e que lle parece necesario para San Sadurniño, que fala das formas de facer o convenio.

O alcalde maniféstalle que ela puido ter impugnado o acordo, que o PP estaba no pleno e que sabía o que se ía aprobar. A concelleira puntualiza que o PP abandonou o pleno porque non estaba de acordo co que se ía votar.

O alcalde dá por finalizado este punto apuntando que o goberno municipal está orgulloso de que en San Sadurniño haxa un centro de día, pasándose ao punto seguinte.

A voceira do grupo municipal do PSOE toma a palabra e explica que cando se incumpriu o convenio o PSOE non estaba co BNG no equipo de goberno e pregunta que a proposta é que cómo pensa aboar a débeda coa Cooperativa ao que o alcalde contesta que estamos ante un pleno extraordinario no que hai que tratar os puntos da orde do día e que no mesmo non figura ningunha proposta.

O portavoz municipal do Partido Popular, Manuel Romero, excúsase e abandona o salón de plenos por motivos persoais.

## **2.- EXPLICACIÓN E ACLARACIÓN DO TEMA "CATASTRAZO".**

O alcalde cédelle a palabra aos grupos solicitantes do pleno.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, manifesta que lle "quitaron as ganas de preguntar nada xa. Belén, queres preguntar algo?" A continuación di que reitera a pregunta que fixeron no último pleno: "fixéstedes unha solicitude á Dirección Xeral do Catastro e Suso sabe do que estou falando porque foi o que contestou que non?".



O alcalde pídelles ás concelleiras do PSOE e do PP que se limiten a tratar o tema para o que solicitaron o pleno, que foi o “tema catastrazo” e manifesta que o catastrazo non o solicitou o goberno municipal.

A portavoz do PSOE explica que o equipo de goberno non solicitou o chamado catastrazo pero a actualización dos valores catastrais sí.

O alcalde explica que o Pleno solicitouse para tratar o tema do catastrazo e non outra cousa e que é o tema do que se vai a falar. Procede a dar lectura a unha circular enviada ao Concello pola Dirección Xeral do Catastro, que obrigaba aos concellos galegos e expón que mesmo o PSOE presentou iniciativas para que non se aplicara o catastrazo en Galicia, que tivo os votos en contra do PP no Parlamento; xa que a modificación da lei do catastro que se fixera co goberno Zapatero influía moi negativamente en Galicia.

A concelleira do PP, Belén Trigo, pregunta pola a oficina que se abriu no concello para axuda á xente na que se cobra 60 euros polos papeis de regularizar.

O alcalde acláralle que os 60 euros os cobra o Catastro, non a oficina nin o Concello de San Sadurniño. A oficina é gratuíta de asesoramento.

A concelleira do PP continua aclarando que os 60 euros son para regularizar cada construción que está sen regularizar e que non pode queixarse ninguén, porque se todo o mundo tivese as construcións regularizadas poñendoas en coñecemento do Catastro xa non terían que pagalo.

O alcalde pregúntalle á concelleira Belén Trigo si tendo en conta as súas palabras ela está dacordo coa regularización catastral ao que a concelleira contesta que ela está conforme con que se declaren as cousas que temos feitas, ao que o alcalde pregunta si tamén as construcións agropecuarias contestando a concelleira que este tipo de construcións non.

O alcalde manifesta que a maioría de regularizacións corresponden a construcións agropecuarias que antes da modificación da lei non tributaban.

A concelleira explica que cobra un valor de catro anos atrás, salvo para as construcións agropecuarias. Pregunta cantos atrasos se collen no caso deste tipo de construcións, xa que a ela chegoulle un requirimento desde 2016.

O alcalde resposta que as construcións agropecuarias non pagan atrasos, polo que o seu caso concreto non será dunha construción deste tipo.

A concelleira do PP pregunta tamén se nalgún momento se lle pagou á empresa Xestega por facer algún traballo para o catastro.

O alcalde responde que o concello fixo hai catro ou cinco anos un proceso de regularización catastral dos bens urbanos gratuíta para os veciños, que é a razón de que comparativamente en San Sadurniño haxa menos bens deste tipo sometidos a esta regularización. A regularización actual está facéndoa o Ministerio de Facenda de oficio, xa que houbo unha modificación no ano 2006 que obrigaba a catastrar todas as construcións agropecuarias que, precisamente, onde máis afectou foi en Galicia xa que aquí hai moitas construcións agropecuarias e algunhas de gran tamaño sen actividade. Pero iso non o solicitou o

Concello.



A concelleira do PP di que hai unha Xunta de Goberno na que se pagan 10.000euros a Xestega. Pregunta se foi por ese traballo, porque entón non foi un traballo gratuito.

O alcalde respóstalle que ese traballo se encargou hai catro anos e non incluía construcións agropecuarias. Explica que o que se fixo foi por parte do Concello de oficio dar de alta en catastro as modificacións existentes en bens urbanos, que é obriga dos propietarios, e sen custe para os titulares; a diferenza da regularización actual que ten a taxa de 60 euros por cada alta catastral. A concelleira pregunta que si o pagou o concello tamén o pagaron os veciños xa que o concello son os veciños.

A concelleira pregunta como influíu esa regularización feita por Xestega nos recibos do IBI xa que no ano 2015 subiron.

O alcalde explica que a subida foi debido a que o goberno de Mariano Rajoy, o 31 de decembro de 2011, decidiu aprobar unha subida do 10% da contribución. A concelleira explica que esa subida tamén veu acompañada da subida que cada poico tempo efectúa o concello ao que o alcalde contesta que non é verdade.

O alcalde cédelle a palabra ao portavoz do goberno municipal, Xesús Soto Viveiro que manifesta que vai contestar ao punto que se incluíu na orde do día, sobre os resultados da regularización catastral en San Sadurniño. Pasa a dar conta dos datos da mesma:

- Expedientes de regularización: 651.
- Inmobles afectados pola regularización: 987.
- Inmobles regularizados: 659. Dos cales, urbanos son 402 e rústicos 257; sendo un 60% de urbanos e un 39% de rústicos.

Explica que o que non puido saber o goberno municipal é se nesa regularización de rústica inclúen tamén os inmobles adicados a bens agropecuarios ou simplemente son regularización de bens que xa cotizaban antes como rústica e lles aplican agora unha regularización; xa que deste xeito os datos non cadra, porque a regularización debería afectar moito máis a inmobles rústicos que a urbanos, coñecendo o territorio deste concello o normal é que cada casa teña varias cabanas e os bens urbanos maioritariamente están regularizados. Informa de que neste proceso entran tamén unhas 10 ou 11 vivendas novas con licenzas de primeira ocupación dos anos 2015, 2016 e 2017; que estaban sen dar de alta polos propietarios no seu momento e procede a dalos de alta agora Facenda aos que lles vai a cobrar os atrasos . Ao ser inmobles urbanos, a eses cobraránselles os atrasos.

Ao non haber asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 14:17 h, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde  
Secundino García Casal

A secretaria  
Iria Luisa Díaz Gavela